

**VIII CONGRESO**  
**SINDICATO LABREGO GALEGO - COMISIÓNS LABREGAS**  
**SLG – CC.LL.**

# **RELATORIO SINDICAL**

## RELATORIO SINDICAL DO VIII CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS

### 1.- Situación xeral.

Desde fai 4 anos, no mundo enteiro e en toda a poboación en xeral, estase vivindo un proceso de empobrecemento e deterioro dos dereitos cidadáns.

A crise, consecuencia do propio sistema económico e político, do neoliberalismo máis cru e da espoliación dos recursos e das persoas, está servindo para que os gobernos regalen a riqueza xerada cos impostos froito do traballo da maioría da sociedade, á minoría responsable da situación, chámense banqueiros, grandes empresarios da especulación co ladrillo, cos alimentos ou coa enerxía.

Pola contra, para as clases populares, asalariada e labrega, e as pequenas e medianas empresas, lánzase desde os gobernos o discurso de ter que apertar o cinto, de que entre todos podemos e da necesidade de recortar dereitos e servizos por non dispoñer os estados de solvencia económica.

Mentres, as arcas públicas destínanse a seguir financiando as falsas perdas dos bancos sen que, desde o Estado, se lle establezan condicións para o acceso ao crédito ou se impidan os abusos que practican cos produtos que obrigan a contratar ou coas condicións de liquidacións de préstamos.

Mesmo se aproba unha reforma da Constitución que é tremendamente negativa para as clases populares en xeral, pero que vai selo especialmente para o medio rural galego no que os servizos públicos xa son menores e no que xa vimos soportando os efectos e os impactos da privatización dos servizos de atención á poboación e ás explotacións.

No Sindicato Labrego Galego denunciámos a grande demagogia que se esconde detrás do argumento de que non se pode gastar máis do que se ten. A realidade é que o erario público está minguado porque foi, e segue a ser, vontade política dos gobernos neoliberais privatizar empresas públicas que xeraban ingresos e beneficios, reducir impostos a quen máis capacidade ten para pagalos, permitir paraísos fiscais, ou seguir favorecendo os intereses do capital especulativo en detrimento dos dereitos das persoas, tal e como demostra esta reforma constitucional.

Mesmo se promove, para a súa conversión en bancos, a fusión das caixas, para escapar a un mínimo control social.

Tamén as empresas emblemáticas ou as multinacionais se levan unha boa parte do diñeiro dos nosos impostos baixo fórmulas moi diversas: apoio á compra dos seus produtos, (industria automobilística) axudas á exportación co conseguinte dumping nas nosas explotacións e nas de terceiros países (industria alimentaria) axudas directas baixo o pretexto do fomento das enerxías renovables e a preocupación polo cambio climático (industria enerxética). Sen cuestionarse para nada o modelo de desenvolvemento, senón aprofundando aínda máis na idea de explotación ilimitada dos recursos (incluídas as persoas) no mesmo que está a provocar a crise económica,

alimentar, climática... estes son algúns exemplos daquela famosa frase de “mentres que as ganancias seguen a ser das transnacionais, as perdas están a ser socializadas.”

O crecemento económico infinito non existe, o que estamos a vivir é un proceso de acumulación de riqueza por parte de certas corporacións a costa do empobrecemento da maior parte das persoas.

Desde esta “concepción política do posible e non do necesario para a cidadanía” se está actuando nos diversos gobernos, tanto a nivel europeo, como estatal ou desde os diferentes gobernos que na Galiza tivemos nestes últimos catro anos.

É preocupante o deterioro da democracia como sistema participativo da sociedade nas eleccións dos gobernos, converténdose paulatinamente nun sistema simplemente representativo emanado de procesos electorais, mentres o verdadeiro poder o teñen os que chaman “mercados”. As persoas e as organizacións sociais, temos que ter dereito a debater e a decidir sobre as políticas que nos afectan.

A reforma da seguridade social feita polo goberno do estado, que nos obriga a cotizar moito máis tempo para ter menos dereitos e que a unha porcentaxe elevadísima de mulleres nos expulsa do sistema público de pensións é outra boa mostra das estratexias e da colaboración do poder coas multinacionais aseguradoras e da perda de democracia real nas nosas latitudes. Están a aplicar criterios de rendibilidade ou de sustentabilidade ao sistema público de pensións de xubilación, de viuvez, de invalidez, así como ao resto de servizos públicos da seguridade social, deste xeito xustifican a baixada das pensións, o retraso da idade de xubilación e o aumento da cotización, no lugar de usar os nosos impostos para isto e de poñer impostos as grandes fortunas.

A situación actual de crise converteuse nun negocio en si mesmo, por un lado obrigase aos gobernos a privatizar todo o público, ao recorte de prestacións sociais, a endebedar as institucións en axudar ao privado, para logo rescatar aos países con prestamos a intereses abusivos, fomentando cada vez mais a ditadura dos mercados.

Os poderes fácticos, cando se convocaron as folgas xerais nas que participamos, intentaron deslexitimar a organización da sociedade para responder á destrución de dereitos, ao desmantelamento de servizos públicos e á privatización de recursos.

Tamén os movementos sociais máis recentes tiveron unha presión importante para exercer o dereito a expresarse e a propoñer máis alá das eleccións outros sistemas de participación.

Un dos poucos aspectos nos que se avanzou positivamente neste tempo foi na cuestión da cotitularidade nas explotacións. reclamada desde o SLG practicamente en solitario.

Concluír este apartado con este exemplo de loitas, que, sendo longas de máis en moitas ocasións, son absolutamente necesarias para poder avanzar cara un mundo

máis xusto e cara a unha agricultura ao servizo da sociedade, que nos permita un medio de vida digno ás labregas e labregos e nos posibilite ter mundo rural vivo.

## **2.- Que está pasando no mundo coa Política Agraria?.**

Máis de 1000 millóns de persoas no mundo pasan fame e, á parte de problemas como a seca e outras catástrofes, a especulación promovida polas políticas neoliberais, o saqueo dos recursos ao campesiñado, a preferencia polos usos industriais como a produción de agrocombustibles sobre a soberanía alimentaria dos pobos son algunhas das súas causas fundamentais, así como a existencia dunha grave carencia na gobernanza alimentaria internacional. Recentemente reformouse o Comité de Seguridade Alimentaria(CSA) da FAO, creando un mecanismo para a Sociedade Civil, proceso no que a Vía Campesina asumiu un importante compromiso.

A profunda crise económica está a crear enormes dificultades no agro e na sociedade en xeral, unha problemática que se ve agravada de xeito dramático polo proceso de supresión de gasto social e de políticas públicas impostas polo neoliberalismo e secundadas polos diferentes gobernos. Estase a experimentar un recorte de dereitos sociais sen precedentes, adoptando cada día decisións políticas ao servizo do gran capital e comprometendo piores do denominado "estado do benestar" como a alimentación, a renda digna, a vivenda, a sanidade, a educación, o interese xeral... Por outra banda, demonízase a negociación colectiva, os movementos sociais ou mesmo a representación democrática da sociedade, defendendo sen ningún tipo de limitación o secuestro das institucións democráticas por parte dos intereses dos mercados especulativos.

A privatización dos servizos públicos deféndese como medio para recortar o gasto e como modo de xerar actividade económica, mentres se agacha a tremenda precarización de servizos básicos para a poboación e se elimina o acceso universal a recursos e dereitos sociais conquistados historicamente.

O problema do acaparamento dos recursos naturais e nomeadamente da auga e das terras por parte das grandes corporacións, esta última abrangue, por exemplo, millóns de hectáreas e viola os dereitos humanos, ao comprometer o dereito á alimentación das comunidades locais; a alta volatilidade dos prezos, resultado do proceso de liberalización dos mercados agrarios; a crise enerxética e o cambio climático constitúen algúns dos temas fundamentais neste momento a nivel internacional.

## **3.- Que se está a propoñer na Política Agraria Europea?.**

A Reforma da Política Agraria Común (PAC) máis alá do 2013 continúa na liña de eliminar todos os instrumentos de regulación seguindo os criterios da Organización Mundial do Comercio(OMC), tal e como xa aconteceu coa Reforma da PAC de 2003 e o "chequeo" da política agraria de 2008, malia a que as negociacións últimas na OMC foron moi cuestionadas a nivel social e remataron fracasando sistematicamente. Nestes últimos anos de hexemonía económica e ideolóxica do neoliberalismo; os diferentes Estados están a renunciar a boa parte da súa soberanía para deixar a xestión de cuestións tan importantes como a alimentación en mans dos intereses de grandes

empresas transnacionais e particularmente dos mercados financeiros.

A "liberalización" do sector agrícola implica unha presión constante sobre os prezos dos produtos levando á ruína a millóns de explotacións en todo o mundo e inducendo unha industrialización crecente do sector agrícola, a precarización do traballo, o endebedamento das explotacións e un modelo de produción e distribución de alimentos cada vez máis dependente a nivel enerxético. Ségueselle a dar prioridade á produción para á exportación, empregando grandes cantidades de diñeiro público en axudas para que as empresas transnacionais de agronegocios acaparen os mercados internacionais cos seus produtos, expulsando dos mesmos a miles de labregas e labregos en todas as latitudes. Paradoxicamente, o actual modelo de produción e distribución de alimentos europeo baséase nunha forte dependencia das importacións en moitos produtos como, por exemplo, as proteínas vexetais, nun camiño progresivo de perda de soberanía alimentaria.

A Reforma proposta para sectores como o lácteo supoñen a privatización da política agraria europea e o abandono de sectores estratéxicos á voracidade do mercado, e non prevén os mecanismos necesarios de control e de regulación para evitar a volatilidade dos prezos ou crises como a do 2009, ou que permitan superar a situación actual de prezos baixos fronte a un incremento xeneralizado dos custos de produción. Co pretexto de reforzar o poder negociador da parte produtora estase a impedir a negociación colectiva de prezos no seo de interprofesionais nas que estean representadas todas as partes implicadas: produtores/as, industria, distribución, consumidores/as e administración; promovendo a negociación fragmentada de prezos por parte de asociacións de produtores e produtoras coa industria.

As grandes corporacións do neoliberalismo, coa complicidade dos gobernos, miran para Europa como consumidora de alimentos producidos por eles mesmos en países terceiros. Esta deslocalización faise na procura de maiores beneficios para a gran distribución, escraviza aos labregos e labregas do Norte e do Sur, crea inseguridade alimentaria, deteriora a calidade dos alimentos e acarrea un grande gasto enerxético. Esta política finansiase en parte polas axudas públicas á externalización das empresas. Exemplos disto e consecuencias son a grande parte dos produtos de horta que consumimos e que proceden do norte de África, ou as grandes plantacións de viñedo en países terceiros, ou o caso do vitelo galego producido no Brasil.

A renda per cápita real diminuíu dramaticamente nos últimos anos, quedando por debaixo da que se rexistraba hai 15 anos e sendo a renda por habitante nas zonas rurais un 50% menor ca nas zonas urbanas. O emprego no sector agrícola europeo baixou, segundo Eurostat, un 25% entre o 2000 e o 2009 e, en xeral, os prezos agrarios experimentaron grandes caídas, obrigando a produtoras e produtores a vender moitas veces por debaixo dos custos de produción.

A proporción do gasto da PAC respecto ao orzamento da Unión Europea, segundo a Resolución do Parlamento Europeo de xuño de 2011, vaise reducir a pesares das ampliacións de países que tivo a U.E. e que supuxo o incrementou da superficie agrícola nun 40% e que se duplicase o número de labregas e labregos a respecto do 2004.

#### **4.- Qué está pasando nas nosas explotacións?.**

##### 4.1.- Prezos.

Derivado desa política que entende a alimentación e a produción de alimentos como un negocio puro e duro, derivado tamén desa idea de que o importante e decisivo para nós é ser competitivos, atopámonos cunha situación de prezos nas nosas explotacións cada vez máis escasos para podermos manter na actividade, sen sequera moitas veces poder cubrir os custes de produción, cada vez máis elevados, e moito menos o noso salario.

Mentres a nós se nos impoñen os prezos desde as industrias ou as empresas comercializadoras, a gran distribución fai á súa vez o mesmo con estas; deste xeito o prezo final no mercado mundial depende do acordo dunhas poucas pero moi poderosas multinacionais que acordan, con leves variacións, o prezo de venda final, dando a sensación ao consumidor/a de produtos baratos con ofertas concretas que sempre fan a costa do sector produtor e que trasladan a todas as partes do mundo nas que operan.

Así, mentres non teñamos dereito a negociación colectiva dos prezos e non se legisle para que teñamos prezos mínimos pactados por todas as partes en contratos homologados nos que exista un arbitraxe por parte das administracións e estas se doten de instrumentos legais para face-los cumprir, está claro o fracaso da idea de que podemos vivir cos prezos de mercado, cando quen controla o mercado é unicamente a gran distribución, que nolos impón a nós e á sociedade, aquí e en todo o mundo.

A subida do IVA (imposto de valor engadido) fíxose a costa dos prezos das nosas producións, supoñendo unha baixada importante nas rendas das nosas explotacións, no lugar de repercutilo aos prezos finais do produto.

##### 4.2.- Axudas.

As axudas que chegan ás explotacións cada ano son menores, non só porque diminúan as cantidades senón porque paulatinamente nos obrigan a destinar o diñeiro recibido para pagarlle a toda unha rede de entidades e empresas.

Así, teñamos coñecementos ou non, vémonos na obriga de contratar asesoramento para percibir unha axuda como a do Contrato de explotación sustentable (CES) ou as ligadas á condicionalidade da PAC ou á defensa sanitaria dos cultivos, quedando nas nosas explotacións moi pouco do total percibido, sen contar con que fiscalmente temos que declarar o total do percibido, sexa para a renda da explotación ou doutras entidades.

Por outra banda as axudas ao desenvolvemento rural, habilitadas a traveso dos plans LEADER e dos grupos de desenvolvemento rural (GDR), están sendo desmanteladas nas liñas que podíamos percibir as explotacións nunha alarmante estratexia de traspasar eses fondos a concellos ou outras entidades caciquís.

#### 4.3.- Servizos.

Mentres se segue dilapidando orzamento público no financiamento de entidades privadas, obrigándonos ás explotacións a contratar os seus servizos como condición para o cobro das axudas das explotacións ou para o asesoramento, desmantélanse paulatinamente ou desacredítanse os públicos existentes.

O dobre discurso dos gobernos consiste en recortar apoios e servizos coa desculpa do aforro público.

Mentres promoven un tecido paralelo ás Oficinas agrarias comarcais (OACs) e aos distritos forestais, que contan xa con persoal de todo tipo, fanse máis grandes e numerosas as entidades privadas que prestan os servizos para os cales hai persoal e cualificación nas OACs, co conseguinte encarecemento que estas supoñen nos custos das explotacións ao termos a obriga de contrata-las.

#### 4.4.- Terra.

A terra, como recurso imprescindible para a produción sustentable de alimentos, está sendo obxecto das máis alarmantes especulacións.

Se á especulación urbanística máis habitual lle sumamos a especulación enerxética, a forestal ou a mineira, podemos dicir sen dúbida que neste momento estannos espoliando legalmente.

O incumprimento da lei de defensa contra incendios coa forestación impune e masiva de novo das terras agrarias, a modificación das bases do BANTEGAL para que calquera que non sexa labrega ou labrego poda alugar as terras para calquera uso, a lei de montes que pretende consolidar a terra agraria como terra forestable, a modificación da lei do solo para que o solo de protección agropecuaria poidan convertelo a outros usos os concellos.

A proposta de elaborar proximamente unha lei de montes veciñais en man común que dote a estas entidades de personalidade xurídica para convertelas en entidades de carácter empresarial é o último exemplo da idea de converter todo o territorio en negocio ao mellor postor.

Se non nos damos conta de que esta cuestión é básica para un país e básica para nós, teremos hipotecado en pouco tempo o futuro como pobo e como explotacións produtoras de alimentos para un longo período de tempo.

#### 4.5.- Auga.

Este outro recurso básico para a vida e para a produción alimentar tivo explicitamente a maior atacada da historia recente coa publicación a finais do 2010 da lei de augas de Galiza.



O proceso de privatización e de conversión en mercadoría do elemento líquido é claro na lei e nos primeiros regulamentos que a desenvolven.

O goberno galego atopouse nas xentes do rural coa oposición a dita lexislación ao entender que non se pode permitir que unha empresa se apropie das augas, e que o canon que se establece para todas as augas, é algo inxusto por aplicarse nun ben do común, polo que loitamos.

Non lle quedou outra saída ao goberno da Xunta de Galiza máis que dicir que mentres gobernaran non se cobraría o canon no rural, sen modificar a lei que escasamente había uns meses que o recollía.

#### 4.6.- Ordenación do territorio.

As directrices de ordenación do territorio (DOT) publicadas no 2.011 implican a concentración da poboación galega nas urbes e nas grandes vilas. Establecendo unha estrutura de prestación dos servizos á poboación do rural de xeito piramidal e con criterios estritamente economicistas, desmantelando os poucos servizos de proximidade existentes no rural.

Este deseño de País, que non considera as aldeas nin as vilas, implica: inversións nas grandes infraestruturas de comunicación, como o AVE, para aproximar as grandes cidades, mentres suprimen servizos de cercanías nas redes secundarias dos camiños de ferro; a creación de grandes infraestruturas hospitalarias, como o novo hospital previsto para Vigo que, amais de privatizar as instalacións e a xestión, suporán a practica desaparición de moitos servizos hospitalarios descentralizados de Ourense e Pontevedra (Verín, Valdeorras, O Salnés, ...)

A meirande parte do territorio galego xestionámo-lo as persoas que vivimos no rural e que exercemos a actividade agraria, sen a cal é impensable un rural vivo, unha paisaxe diversa e habitada, un medio ambiente e unha biodiversidade conservada e todo un tecido de empregos derivado da actividade primaria.

A sociedade galega non podemos permitir que a meirande parte do noso territorio se despoboe, con medidas políticas de fomento do abandono da actividade agraria e de dificultade de acceso aos servizos públicos para a xente.

O que se está trazando é moi grave: deixar o territorio en mans de grandes empresas que o exploten e o xestionen. Isto concrétase en: empresas de agromasa subvencionadas que expulsan das terras ás labregas e labregos, empresas de enerxías renovables (eólica, agrocombustibles, solar ) que dificultan ou impiden a propia vida e a agricultura no medio, empresas de ocio que se apropian por catro euros de terras para campos de golf ou cotos de caza, empresas forestais que se van apropiando dos montes para explotar con madeira de pasta ou trituración e que ademais supoñen explotacións moi agresivas co medio e coa saúde.

#### **5.- Qué propostas temos no SLG para avanzar nesta situación e poder vivir da nosa actividade de producir alimentos sans e nutritivos?**



Existen aquí e agora alternativas

Dende o movemento labrego internacional, Vía Campesina, do que formamos parte, presentamos como alternativa para saír desta situación a Soberanía Alimentaria, o dereito dos pobos a definir democraticamente as súas propias políticas agrarias e alimentarias, respectando as culturas alimentarias de cada pobo, o medio ambiente e sen dumping fronte a terceiros; así como o dereito dos labregos e das labregas de cada país a producir os alimentos básicos para o seu pobo a uns prezos que lle permitan vivir do seu traballo.

No SLG asumimos como propias a Declaración de Nyéléni do Foro pola Soberanía Alimentaria, celebrado en Mali no 2007 e tamén a Declaración Nyéléni Europa 2011, do Foro Europeo pola Soberanía Alimentaria, celebrado en Krems (Austria) en agosto do 2011.

Defendemos a Soberanía Alimentaria como un dereito básico do pobo galego, e entendemos que como tal ten que ser incluída no Estatuto Galego. Neste marco, asumimos o compromiso de situala como un eixo transversal no que enmarcar a elaboración de todas as nosas propostas para outras políticas agrarias, alimentarias e de comercialización dos alimentos, tanto no marco galego, como estatal, europeo ou mundial.

Comprometémonos igualmente, a traballar para desenvolver alianzas con outras organizacións sociais para avanzar na construción da Soberanía Alimentaria na Galiza.

En concreto, ademais da plena vixencia das propostas aprobadas no VII congreso, hai algunhas cuestións a promover.

#### 5.1.- Propostas de Políticas Agrarias europea e internacional.

A nova Política Agraria Común debe basearse nos principios da Soberanía Alimentaria, a diferenza da actual PAC dirixida a unha pretendida "competitividade internacional", que agacha moitas veces prácticas de dumping económico e social e que se caracteriza pola eliminación continuada de postos de traballo. A PAC despois do 2013 debe fomentar o emprego agrario, unha produción de alimentos diversificada de calidade e un modelo de produción agrícola baseado na agroecoloxía e na relocalización da alimentación.

A PAC do futuro ten que priorizar o traballo das labregas e dos labregos como única vía tamén para preservar o noso patrimonio rural e cultural e para afrontar os retos mundiais do cambio climático e da perda de biodiversidade, así como para contribuír á promoción dun novo modelo económico e social, que loite contra a especulación financeira e contra a concentración de poder dos agronegocios e as grandes superficies na cadea alimentaria, así como contra o acaparamento de terras.

A Reforma da PAC debe garantir prezos xustos e estables para produtores/as e consumidores/as, un obxectivo que só será posible a través do control da produción adaptándoa á demanda europea e da regulación dos mercados agrícolas, eliminando o

"dumping". A transparencia e o reequilibrio das marxes na cadea alimentaria entre produción, transformación e distribución son esenciais, e débese renunciar a prácticas comerciais abusivas, parando toda forma de dumping a terceiros países e establecendo unha regulación das importacións. Debe garantirse tamén a negociación colectiva dos prezos no seo de interprofesionais con todas as partes implicadas de prezos estables remuneradores dos custos de produción e que garantan unha renda digna para as labregas e labregos.

Os acordos chamados de "libre" comercio entre a UE e países terceiros teñen un impacto negativo na agricultura labrega tanto no Norte como no Sur e non deben continuar. Unha PAC lexitima ten que apostar asemade por unha produción labrega sostible que empregue menos inputs e enerxía, rexeitar as patentes de seres vivos e os produtos transxénicos e protexer os dereitos das labregas e dos labregos a reproducir e intercambiar sementes. É necesaria unha política rural complementaria, que lle dea prioridade ao emprego agrícola e rural, á instalación e a unha distribución en circuitos curtos.

A UE debe abandonar, para a maioría dos seus produtos agrícolas, a súa prioridade para a exportación (ou á importación noutros produtos) e centrarse aínda máis no seu mercado interior, na alimentación da súa poboación. Ser o primeiro importador e exportador mundial é unha debilidade, unha dependencia, máis ben ca unha forza. A UE debe sen embargo seguir exportando produtos rexionais de alto valor engadido, pero sen axudas públicas, ao igual que ten necesidade de importar produtos tropicais e outros produtos rexionais, abandonando prácticas abusivas por outras con condicións xustas e solidarias.

O apoio e dignificación do emprego agrícola e rural debe ser unha prioridade para a PAC e é preciso favorecer a instalación de xente moza, a través de programas adaptados ás dimensións e condicións de explotacións que hoxe atopan dificultades. Proxectos diversificados, que venden directamente ou transforman os seus produtos...; que respondan ás súas necesidades reais e non se dirixan unicamente a promover o endebedamento con investimentos que non serían a súa prioridade. Os pagamentos directos deben vincularse ao traballo e non á superficie, establecendo, para manter a lexitimidade social, topes por persoas activas e suprimindo a posibilidade de que alguén que non traballa na explotación teña dereito aos pagamentos directos. A PAC tamén debe recoñecer os dereitos das labregas e a súa participación en termos de igualdade nas axudas, así como garantir que as persoas inmigrantes gocen dos mesmos dereitos que as homólogas europeas.

## 5.2.- Renda.

Temos que seguir insistindo en todos os foros en que a nosa renda ten que vir garantida por políticas que permitan chegar a acordos de prezos mínimos dos produtos agrarios, con cantidades que cubran os custos de produción e a remuneración do noso traballo.

Nestes momentos xa ninguén se atreve publicamente a despacharnos dicindo que é ilegal poñer prezos base aos alimentos e marcar marxes máximas de beneficio a partir

dos mesmos até chegar ao consumidor ou consumidora, xa que é a vontade política a que pode cambiar a lexislación.

A garantía de prezos, ademais de ir ligada ás producións sans e de calidade, tamén precisa ir paralelamente ligada ao control da produción que equilibre oferta e demanda de alimentos no mercado da U.E.

Para este fin teremos que estar moi pendentes do que se propoña na nova lei de calidade agroalimentaria, insistindo en que a nivel do estado e das comunidades autónomas se establezan marcos de negociación de prezos a traveso das interprofesionais nas que estean representados todos os elos da cadea desde o sector produtor até o consumidor.

### 5.3.- Seguridade Social.

Con todo o debate da reforma laboral aínda moi quente e despois de ternos incluído ás persoas que cotizabamos no réxime especial agrario no réxime de autónomos no 2008 co encarecemento que dito cambio supuxo nas cotas, a reforma do sistema de pensións supón para o agro unha perda de dereitos e prestacións na xa maltreita economía das explotacións.

Desde o SLG non podemos deixar de propoñer, alí onde fose preciso, que a actividade agraria, como fornecedora de alimentos e outros bens imprescindibles para a sociedade e, polo tanto, as persoas que a desenvolvemos, temos que poder cotizar en función da renda que obtemos.

Ademais temos que ter garantidas as prestacións e as pensións a unha idade na que, polas características da nosa actividade, xa non poidamos traballar.

Temos tamén que seguir denunciando a expulsión de milleiros de labregas do sistema público de seguridade social e reivindicar que se arbitren medidas para ter dereitos en pe de igualdade e para fomentar a cotización daquelas en maior risco de exclusión.

### 5.4.- Servizos.

Coa plena vixencia dos acordos do anterior congreso neste eido, se cadra o único a engadir neste é que o SLG debe loitar pola recuperación e a restauración de servizos públicos de proximidade ás explotacións e ás persoas (atención as explotacións, ensino, sanidade, transporte, atención ás persoas maiores, ...), en franca regresión e deterioro ano a ano.

No relativo ao financiamento e ás axudas para as explotacións, as administracións non poden obrigarnos a contratar préstamos de xeito obrigatorio para ter dereito a apoios públicos. Tampouco nos poden obrigar a asinar avais bancarios para poder solicitálas ou cobralas.

### 5.5.- Ordenación do territorio.

Para que o desmantelamento do territorio rural non aconteza é necesario que se establezan medidas de ordenación que contemplan a estruturación do territorio galego con un tecido de servizos públicos próximos ás persoas, do rural tamén, e ás explotacións. Iso non ten por que implicar un despilfarro de diñeiro nin unha duplicidade de servizos, máis é importante non apostar polas megainfraestruturas nin pola concentración de servizos.

Por outra banda, unha planificación a longo prazo dun territorio ten que protexer e reservar ao menos un terzo do seu territorio para a produción de alimentos, alí onde ademais as condicións fisioclimáticas son as mellores: para iso tamén é preciso que reclamemos que as veigas non sexan convertidas en montes e os cumios nos redutos da agricultura e a gandería.

#### 5.6.- Terra

No SLG faremos desta cuestión unha das loitas principais a fin de que non se retroceda na lexislación que protexe a terra agraria para a produción de alimentos, non para outro tipo de cultivos.

Teremos tamén que estar moi pendentes para que non se aproben novas normativas regresivas, apostando polo mantemento dos montes veciñais como xermánicos, pola protección do cento por cento de toda a terra agraria e da multifuncionalidade das terras de monte.

Neste sentido, seguiremos demandando que a Consellería do Medio Rural, cumpra as Leis en materia de forestación e distancias, e que actúe en consecuencia cando estas son vulneradas. Do mesmo xeito demandamos que reduza os tempos de tramitación e a burocracia para obrigar a cumprir a normativa nomeada.

#### 5.7.- Auga.

A auga, ben indispensable para a vida e para a produción de alimentos non pode estar suxeita a vontade a aos intereses dos gobernos, senón a do conxunto das persoas.

Por iso pedimos que a derroguen e que se inicie un debate aberto e participativo para elaborar unha lei na que se garanta a consideración da auga como un ben social e do común, o uso sostible e a xestión pública da auga

#### 5.8.- Sementes.

Apoio ás redes de sementes que se están constituíndo sempre que se garanta a finalidade de intercambio e se garanta a non transmisión do patrimonio xenético popular ás multinacionais ou aos mecanismos que desde a OMC se habilitaron (centros de investigación, universidades, centros de mellora..)

#### 5.9.- Vivenda.

Debemos propoñer de xeito contundente que as axudas para o acceso á vivenda das labregas e labregos nas zonas onde exercen a súa actividade deben ser para apoiar economicamente ás persoas que buscan ter vivenda.

Debemos denunciar que as mesmas non poden seguir sendo destinadas a pagar a todo tipo de técnicos e de administracións para poder ter un teito, xa que son a quen ao final se lle están facendo chegar os cartos públicos entre proxectos, direccións, visados, permisos e taxas.

#### 5.10.- Axudas.

As axudas deben promover a adopción de sistemas agrícolas sostibles, incentivando métodos de produción favorables ao medio ambiente, como a agricultura ecolóxica, a rotación obrigatoria de cultivos sobre unha mesma parcela, o mantemento ou a instauración de prados de longa duración (almacenamento de carbono) ou sistemas que integran cultivos de proteínas vexetais. Os modos de produción que danan o medio ambiente, consomen demasiada enerxía, afectan á calidade e á seguridade dos produtos, deben ser reorientados. Tamén debe promoverse a sostibilidade na distribución de alimentos, priorizando as canles curtas de comercialización. Deben manterse as axudas a explotacións que teñen dificultades específicas como as que están situadas en zonas de montaña, que se atopan con numerosos problemas de todo tipo que xustifican este apoio: climáticos, despoboamento, dispersión xeográfica, déficit de infraestruturas, ...

A Comisión Europea, coa súa proposta de apoio ás pequenas explotacións, pode incidir moi positivamente no mantemento da seguridade alimentaria de moitas rexións, do equilibrio territorial e da multifuncionalidade e o emprego vinculado a miles de pequenos proxectos en toda Europa. As pequenas explotacións non deben considerarse en termos de teren que aumentar ou que desaparecer. É necesario ter pagamentos directos máis elevados para as 2 primeiras persoas activas, definindo unha primeira cantidade de pagamento significativo común a todas as explotacións, o que podería reducir o custo administrativo.

A Reforma do Comité de Seguridade Alimentaria da FAO recalcou a importancia das causas estruturais da inseguridade alimentaria, a importancia da inclusión das pequenas produtoras e pequenos produtores de alimentos dentro do espazo das Nacións Unidas como opción máis democrática para desenvolver as políticas agrícolas e alimentarias mundiais, a defensa do dereito á alimentación e a toma en consideración de actores non estatais como participantes no pleno dereito.

#### **6.- Alianzas.**

Tendo en conta o panorama descrito polo que estamos a pasar na sociedade en xeral e nas explotacións en particular, no SLG debemos seguir propiciando e participando de todo tipo de alianzas que nos sigan fortalecendo nas propostas e respostas contra o neoliberalismo e as súas consecuencias, sempre coidando o respecto, a autonomía, a identidade e a autoorganización de cadaquén.

Como sindicato agrario representativo consideramos necesaria a interlocución permanente cos diferentes gobernos e institucións que toman decisións en materia de agricultura e gandería na Galiza, no Estado e en Europa.

Así, tanto en cuestións estruturais como en campañas concretas ou en situacións conxunturais, estivemos e apostamos por seguir estando moi activamente, facendo as nosas propostas, en boa parte das ocasións asumidas plenamente por outras organizacións, tanto no eido galego como estatal ou europeo.

A nivel mundial e europeo seguiremos formando parte da Vía Campesina (VC) e da Coordinadora Europea Vía Campesina (ECVC), participando activamente e asumindo responsabilidades na medida do posible.

Loitas comúns contra a privatización dos servizos e da auga, a loita polo dereito á soberanía alimentar, a loita contra a espoliación dos recursos como a terra, os montes ou o aire son exemplos do moito que nos une contra o sistema imperante e polo que xunguir esforzos.

### **Anexo sobre a COAG.**

A nivel do Estado, vimos mantendo unha estreita relación de traballo e colaboración coa COAG (Coordinadora de Organizacións Agraria e Gandeiras). No VII Congreso, acordamos abrir un proceso de negociación para entrar na COAG co compromiso por parte desta de certos avances na posición de reformulación da organización europea e de abrir un debate de cara á próxima Asemblea de COAG para posibilitar algúns cambios no aspecto organizativo da coordinadora estatal.

A reformulación da organización europea deuse coa constitución da Coordinadora Europea Vía Campesina na que a COAG está integrada e participando, o mesmo que participamos nós. Neste contexto, debemos agora decidir neste Congreso cal vai ser o noso traballo a nivel de Estado.

Temos que decidir si continuamos participando mediante o convenio de colaboración, tal e como estamos, ou se damos un paso máis e nos integramos como membros de pleno dereito na COAG.

Neste sentido, abriase un amplo debate nas Asembleas Comarcais do VIII Congreso do SLG – CC.LL., sobre os pros e os contras de cada unha das posibilidades que temos.

Serán finalmente, as delegadas e os delegados asistentes ao VIII Congreso, os e as que decidirán mediante votación secreta en furna, si:

- Continuamos traballando en COAG mediante o convenio de colaboración ou
- Nos integramos en COAG como membros de pleno dereito